



Ayuntamiento de O Incio

BASES XERAIS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL DE CARÁCTER TEMPORAL (PROGRAMAS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL POLAS ENTIDADES LOCAIS DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DE RISGA) CO FIN DE PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE O INCIO, LUGO

Primeira. Obxecto.

As presentes bases teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento e baremo que se aplicará na selección de dous (2) peóns para acondicionamento e mantemento de espazos públicos, conforme ao previsto na Orde do 09 de maio de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, reguladora das subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de traballadores/as en situación ou risco de exclusión social perceptoras de RISGA para o ano 2017.

As presentes bases publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina Web <http://www.concelloincio.es>

Segunda. Características do contrato de traballo

O/A traballador/a estará vinculado á entidade convocante mediante a modalidade de contrato temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social (obra ou servizo), coas seguintes características:

- *Convenio de aplicación: Convenio Colectivo de Edificación e Obras Públicas da provincia de Lugo (BOP Lugo n.º 249 de 29/10/2016)*
- *Duración do contrato: 7 meses*
- *Tipo de xornada: 50 %.*

Terceira. Retribucións.

As retribucións que percibirán os/as traballadores/as que se contraten son as recollidas na Resolución do Xefe Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Lugo, de data 13 de setembro de 2017, de concesión de subvención, expediente TR351F 2017/37-2.

Cuarta. Procedemento de selección.

O Concello de O Incio presentará unha oferta de emprego ante o Servizo Público de Emprego de Galicia, para que se lle remitan un mínimo de 2 candidatos/as por cada posto de traballo. O número de prazas a ofertar será de 2 peóns para

Ayuntamiento de O Incio



Ayuntamiento de O Incio

acondicionamento e mantemento de espazos públicos.

A oficina de emprego comunicará aos/ás candidatos/as o lugar, día e hora na que deberán asistir para realizar a selección orientada a cubrir a oferta de emprego formulada, indicándolles que deberán presentar con anterioridade á data fixada para a selección a documentación que acredite os méritos que alegue o/a aspirante.

Quinta. Requisitos dos/as aspirantes.

Os/as aspirantes deberán manifestar que reúnen os requisitos que seguidamente se sinalan na data fixada para a realización da entrevista e que están en condicións de acreditarlos, unha vez superado o proceso selectivo, antes de que se dite resolución a favor dos aspirantes que vaian ser contratados temporalmente.

a) Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións correspondentes, sen prexuízo de que sexan admitidas as persoas con minusvalías en igualdade de condicións que os demais aspirantes.

d) Non ter sido separado/a do servizo de calquera Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.

Os/as aspirantes que non obtiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

e) Figurar na listaxe de candidatos remitidos pola Oficina de Emprego de Sarria.

f) Ser perceptores/as de RISGA e estar inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.

Sexta. Funcións.

As funcións a desempeñar polas persoas que resulten seleccionadas consistirán no acondicionamento e mantemento de espazos públicos.



Ayuntamiento de O Incio

Sétima. Tribunal de selección.

O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do EBEP es estará integrado por un grupo mixto constituído para tal fin por representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria e da entidade beneficiaria, tal como establece a Orde do 09 de maio de 2017:

- Un (1) membro da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- Un (1) membro do equipo de inclusión socio laboral dependente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
- Tres (3) membros do Concello de O Incio, designados pola Alcaldesa.

Por cada membro do tribunal nomearase un suplente, podendo actuar indistintamente titulares ou suplentes.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto, a excepción do/a secretario/a do mesmo que terá voz pero non voto.

O nomeamento dos membros que constituirán o Tribunal Cualificador, realizarase por decreto da Sra. Alcaldesa, debendo posuír, en calquera caso, titulación ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso á función convocada.

Os membros deste órgano deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os/as interesados/as poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 do mesmo texto legal.

O Tribunal no poderá constituírse nin actuar sen a asistencia dos cinco membros que o integran.

O órgano seleccionador resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso en todo o que non estea previsto nestas bases.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola citada Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Oitava. Sistema de selección.

O sistema de selección será o concurso.

Poderase obter ata un máximo de 10 puntos.

Ayuntamiento de O Incio



Ayuntamiento de O Incio

Novena. Baremo de méritos

CURSOS, ESTUDOS, XORNADAS RELACIONADAS COAS FUNCÍONS DO POSTO A QUE SE OPTASE:

A valoración realizarase atendendo á seguinte táboa ata un máximo de **2 puntos**.

Cursos de	Puntuación por hora
Asistencia	0,005
Aproveitamento	0,010
Impartición	0,020

As publicacións, proxectos, másters, etc., relacionadas/os coas funcións do posto de traballo, valoraranse a criterio do Tribunal en función do contido das mesmas e da relevancia para o traballo ao desenvolver.

IDIOMA GALEGO:

A puntuación máxima neste apartado será de **1 punto**.

- Curso de Iniciación: 0,50 puntos
- Curso de perfeccionamento: 1 punto

DESEMPREGO:

A puntuación máxima neste apartado será de **1 punto**.

Por cada mes completo en situación de desemprego inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia, valorarase 0,10 puntos. Acreditarase este aspecto coa presentación do Informe de Períodos de Inscripción emitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

CARGAS FAMILIARES:

Por ter fillos menores ao seu cargo: **1 punto**

Acreditarase coa presentación do libro de familia e certificado de convivencia que se facilitará no concello.

IDADE

Por ser maior 45 anos : **1 punto**

Ayuntamiento de O Incio



Ayuntamiento de O Incio

ENTREVISTA

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado será de **4 puntos**.

Décima. Modo de acreditación dos méritos.

A documentación xustificativa dos méritos alegados por cada candidato/a deberá presentarse no Rexistro Xeral da entidade como mínimo con dous de antelación á data fixada para a realización da selección, mediante:

-Copia autenticada da/s titulacións, cursos, estudos, xornadas, etc.

-Informe de períodos de inscrición emitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

-Libro de familia e certificado de convivencia.

Non se valorarán os méritos que non se acrediten documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.

Os méritos aos que se fai referencia no baremo deberán posuírse na data de realización da selección, computándose en calquera caso ata a citada data.

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no parágrafo anterior, determinará que estes non serán tidos en conta polo tribunal, nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo establecido para a súa presentación. Tampouco se requirira aos interesados para que os acrediten.

Undécima. Proposta de selección.

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal levantará acta na que se farán constar as puntuacións obtidas por cada aspirante ordenadas de maior a menor puntuación, e que incluírá unha proposta de selección e unha lista de reserva co resto de aspirantes que non foron seleccionados/as. A citada acta publicaranse na páxina Web e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de O Incio.

No caso de renuncia expresa á contratación por parte dos/as candidatos/as seleccionados/as procederase á contratación do seguinte na relación dos non seleccionados de acordo coa orde establecida, nesta, tanto no caso de que a renuncia se produza antes como despois de formalizar por escrito a contratación.

Duodécima. Presentación de documentación.

Os/as aspirantes propostas/as a súa contratación presentarán no Rexistro Xeral do Concello de O Incio, previamente á formalización dos contratos, a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI.

Ayuntamiento de O Incio



Ayuntamiento de O Incio

b) *Declaración xurada de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.*

c) *Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.*

d) *Acreditación da condición de perceptor/a de RISGA e estar inscrito/a no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoa demandante non ocupada.*

e) *Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.*

f) *Número da conta bancaria (20 díxitos).*

Décimo terceira. Comezo das tarefas propias do posto para o que foi seleccionado/a.

Unha vez publicado o resultado das selección no taboleiro de anuncios do Concello e tras a presentación dos documentos relacionados no apartado anterior, procederáse á sinatura do respectivo contrato, comezando posteriormente o/a traballador/a prestar os seus servizos no Concello de O Incio.

A non presentación no posto de traballo no día e hora indicados para o comezo da relación laboral, enténdese como renuncia ao posto de traballo salvo causas debidamente xustificadas.

Décimo cuarta. Normativa de aplicación.

En todo o non previsto nestas bases serán de aplicación as seguintes disposicións:

-Orde do 09 de maio de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Risga e se proceda á súa convocatoria para o ano 2015 (DOG núm. 6, de 12 de xaneiro de 2015).

-Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local.

-Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.

-Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

-Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.



Ayuntamiento de O Incio

Décimo quinta. Réxime de recursos.

Contra o acordo de aprobacións das bases desta convocatoria, que é definitivo na vía administrativa, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía, no prazo dun mes contando dende a notificación do acordo, ou recurso contencioso-administrativo, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.



Ayuntamiento de O Incio

ANEXO I. SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL POLAS ENTIDADES LOCAIS DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DE RISGA (2 PEÓNS PARA ACONDICIONAMENTO E MANTEMENTO DE ESPAZOS PÚBLICOS)

DATOS PERSOAIS

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
DATA DE NACEMENTO	DNI	NACIONALIDADE
ENDEREZO		
CONCELLO	PROVINCIA	TELEFONO

SOLICITA

Ser admitido/a nas probas selectivas convocadas para a contratación laboral temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de RISGA para o posto de (2) peóns para acondicionamento e mantemento de espazos públicos, declaro que son certos tódolos datos consignados nesta solicitude e que coñezo e reúno os requisitos esixidos na base quinta desta convocatoria.

Achego a seguinte documentación:

(MARCAR O QUE PROCEDA)

- Copia do DNI.
- Copia autenticada da/s titulacións, cursos, estudos, xornadas, etc.
- Informe de períodos de inscrición emitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Libro de familia e certificado de convivencia.

O Incio _____ de _____ de 2017

Asdo.: _____

Os datos facilitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos titularidade do Concello de O Incio para o exercicio das funcións e competencias atribuídas ao Concello de O Incio na lexislación vixente. Os/as interesados/as poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, coas limitacións establecidas legalmente ao tratarase de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección Praza de España, 1 – 27346.- O Incio .- Lugo.

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE O INCIO

Ayuntamiento de O Incio

Plza. de España, 1, O Incio. 27346 Lugo. Tfno. 982427014. Fax: 982427100



Ayuntamiento de O Incio

ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A ASPIRANTE PROPOSTO/A PARA A CONTRATACIÓN

D. _____, con DNI
núm. _____, domicilio para efectos de notificación en
_____, CP _____ e teléfono _____

DECLARO:

PRIMEIRO: Que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo.

SEGUNDO: Que non estou separado/a mediante expediente disciplinario do servizo das Administracións Públicas e non estou incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

Achego a seguinte documentación:

(MARCAR O QUE PROCEDA)

Copia do DNI.

Acreditación da condición de perceptor/a de RISGA.

Acreditación de estar inscrito/a no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoa demandante non ocupada.

Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.

Número de conta bancaria (20 díxitos).

O Incio _____ de _____ de 2017

Asdo.: _____

Os datos facilitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos titularidade do Concello de O Incio para o exercicio das funcións e competencias atribuídas ao Concello de O Incio na lexislación vixente. Os/as interesados/as poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, coas limitacións establecidas legalmente ao tratarase de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección Praza de España, 1 – 27346.- O Incio.- Lugo.

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE O INCIO

Ayuntamiento de O Incio

Plza. de España, 1, O Incio. 27346 Lugo. Tfno. 982427014. Fax: 982427100